

VELLO.—*Alabado seu Dìos*

*que tal teño en estas tripas,
non sei como non revento
por tadal-as catro esquinas,
pois n-é posibre creer
o que eu comín estos días,
que dende onte ao medio día
xa comín trinta morcillas
sin contar as carnes mortas
que tiñan as miñas fillas
cuciñadas con manteiga
que eu aquí traxo as vexigas.
Eu o meu santo querido
sempre gostei celebralo
comendo e bebendo ben..
Eu nunca fun afamado;
mais o demo da veciña
que tiña a vivir ao lado
sempre anda roñá que roña
que lle fai mal o ofato da cucina,
mais eu non lle fago caso
así mesmo calarei
que ela é mais mala que a tiña.*

(Sae unha vella)

*Velaivén ese demonio.
E a mesma que eu dixen,
esconderei as vexigas*

(Fascóndea baix ● ● gaban)

pra que non vexa a manteiga.

VELLA.—*¡ Señoritiño, señoritiño...!*

VELLO.—*Así no lo entiendo.*

VELLA.—*¡ Señor Alcalde!*

VELLO.—*Así, sí, lo entiendo.*

Diga vosté, mujer.

VELLA.—*Cascáronme os dous a un tempo
descobrindome as vergonzas
e erguéronme o mantelo*

(Sae un criado do Alcalde)

CRIADO 1.^o—*Meu, amo, se me deixar
heille de dar tal palliza
que lle hei de facer mexar
pol-a faldra da camisa.*

VELLO.—*Se tal causa ti fixeres
tal enchente che hei de dar
que ovos fritos con manteiga
que sempre te has de alembrar.*

(Sae outro criado)

CRIADO 2.^o—*¡Eu tamén lle hei de axudar!*

VELLO.—*¿Os ovos ou á palliza?*

CRIADO 2.^o—*Inda lle hai de mezclar
tres varas de longatza*

VELLA.—*Estando rixando a cazola
por de noite e por mañán,
estando comendo caldo
caeume a cunca da man...*

(Contra dos criados)

*¡Galopins, escalazados,
xa falaremos mañán.
Inda hoxe fai un ano
tiña con moita limpeza
unhas xoubas no abano
postas enriba da artesa!*

VELLO.—(Con un libro na man)
*Vamos a ver la causa
de estos hombres y esta mujer
porque las mujeres son
bestias afigidas.
¡Bien! Yo beberé el vino
Y ella que lleve la albarda.*

VELLA.—*¡Xa non quero...!
¡Xa non quero nada!
O que leve o viño
que leve a albarda.
Mociñas de Bora,
faguer foliada.*